

## MANUAL CALCULADORA DE CUSTOS DE CONTRATOS

A calculadora de custos de contratos permite simular os custos dun contrato laboral, en función da retribución bruta mensual ou do custo total do contrato, da duración temporal do contrato, do grupo de cotización e tipo de contrato. A calculadora mostrará a retribución bruta mensual incluído o prorrateo das pagas extras e o custo total do contrato.

<input checked="" type="radio"/> <b>Retribución bruta mensual</b>	<input type="text" value="0"/>
<input type="radio"/> <b>Custo total contrato</b>	<input type="text" value="0"/>
<b>Período de contrato</b>	desde <input type="text"/> ata <input type="text"/> dd/mm/ano (Ex: 05/03/1967)
<b>Grupo cotización</b>	Grupo 1 - Enxeñeiros e licenciados ▼
<b>Partida presupuestaria</b>	Capítulo 6 ▼
<b>Tipo de contrato</b>	Obra ou servizo ▼
<b>Tipo de tarefas</b>	Investigación ▼
<b>Xornada</b>	Tempo completo ▼
<b>Horas semanais</b>	<input type="text" value="40"/>
<input type="button" value="Calcular"/>	

A calculadora ten *dúas entradas principais de datos, a escoller unha delas:*

<input checked="" type="radio"/> <b>Retribución bruta mensual</b>	<input type="text" value="0"/>
<input type="radio"/> <b>Custo total contrato</b>	<input type="text" value="0"/>

**Retribución bruta mensual:** é o salario bruto mensual incluído o prorrateo das pagas extras.

*Se introduce un salario a calculadora dará como resultado o custo total do contrato.*

**Custo total contrato:** é a cantidade total dispoñible para a formalización dun contrato, incluírá o salario bruto mensual polo número de mensuralidades, de ser inferior ao mes, polos días, a cota patroal da seguridade social e, de se-lo caso, a indemnización por finalización de contrato.

*Se introduce o bruto total a calculadora dará como resultado a retribución bruta mensual.*

Para poder simular os custos do contrato deberá encher as seguintes opcións:

Período de contrato	desde <input type="text"/> ata <input type="text"/> dd/mm/ano (Ex: 05/03/1967)
Grupo cotización	Grupo 1 - Enxeñeiros e licenciados ▼
Partida presupuestaria	Capítulo 6 ▼
Tipo de contrato	Obra ou servizo ▼
Tipo de tarefas	Investigación ▼
Xornada	Tempo completo ▼
Horas semanais	<input type="text" value="40"/>

**Período de contrato:** é o período de tempo que media dende o inicio ata o fin do contrato

**Grupo cotización:** é cada un dos actuais grupos de cotización, nos que se clasificaron, a efectos de cotización á seguridade social, as categorías profesionais, segundo a titulación da persoa a contratar.

Escolla no menú desplegable a opción:

- Grupo 1 – Enxeñeiros ou licenciados.
- Grupo 2 – Enxeñeiros técnicos ou diplomados.
- Grupo 3 – Técnico.
- Grupo 4 – Axudantes non titulados.

**Partida presupuestaria:** para contratos con cargo a proxectos de investigación escollerá sempre no menú desplegable a opción “*Capítulo 6*”

**Tipo de contrato:** para contratos con cargo a proxectos de investigación escollerá sempre no menú desplegable a opción “*Obra ou servizo*”

**Tipo de tarefas:** a escoller no menú desplegable dúas opción segundo as tarefas que realice o persoal a contratar sexa “Investigación” ou “Xestión”.

**Xornada:** a escoller no menú desplegable dúas opcións, “Tempo Completo” ou “Tempo Parcial”.

**Se escolle a opción a tempo parcial terá que introducir no seguinte campo o número de horas semanais.**

Horas semanais	<input type="text" value="40"/>
----------------	---------------------------------

Introducido os datos prema o botón  para obter a simulación dos resultados dos cálculos

## **CONSIDERACIÓNS CÁLCULOS**

Os custos dun contrato de persoal comprenden dous elementos básicos: á retribución (salario) e a cota patroal a ingresar á seguridade social.

### **SALARIO**

Tanto se escolle a opción bruto total como bruto mensual, a calculadora dará o resultado do **salario bruto mensual incluído o prorrateo das pagas extras**.

\*A calculadora, para contratos a **tempo completo**, realiza os cálculos comprobando que o salario bruto mensual introducido ou o resultado do cálculo se se introduce o bruto total é igual ou superior ao **salario mínimo interprofesional**.

**-Salario a tempo completo  $\geq$  salario mínimo interprofesional.**

\*Para os contratos a **tempo parcial** a calculadora comproba que o salario bruto mensual, introducido ou o resultado do cálculo se se introduce o bruto total, dividido entre o número de horas mensuais é igual ou superior a base mínima de cotización segundo grupo de cotización.

A xornada a tempo parcial e aquela inferior a dun traballador a tempo completo comparable (40 horas E.T.).

**-Salario a tempo parcial / nº horas mensuais  $\geq$  base mínima por hora.**  
 $n^\circ$  horas mensuais = horas semanais \* 4

### **COTA PATROAL: BASE DE COTIZACIÓN**

O custo de seguridade social a cargo do empregador é a chamada cota patroal da seguridade social. A cota patroal obtense de aplicar á base de cotización os tipos de cotización correspondentes.

A base de cotización para todas as contingencias nos contratos celebrados con cargo a proxectos de investigación coincide co salario bruto mensual.

Para cada grupo de cotización existe unha base mínima e máxima para contingencias comúns fixada anualmente (ver anexo de bases no apartado de “emprego/persoal contratado con cargo a proxectos de investigación”).

A base de cotización para contingencias comúns, deberá estar comprendida entre a base mínima e máxima correspondente ao grupo de cotización no que está encuadrada a categoría profesional do traballador. En caso contrario, se cotizará pola base mínima ou máxima, según o salario bruto mensual sexa inferior a aquela ou superior a ésta.

A base de cotización para contingencias profesionais deberá estar comprendida entre o tope máximo (coincide coa base máxima fixada anualmente) e o tope mínimo de

cotización (coincide co salario mínimo interprofesional ou base mínima dos grupos 4 ao 7).

## INDEMNIZACIÓN

Nos resultados dos cálculos incluírase o custos da indemnización a que ten dereito a percibir a persoa contratada, baixo a modalidade de contratos de obra ou servizo determinado. A indemnización será oito días de salario por ano de servizo ou a parte proporcional á finalización do contrato.

## PECULIARIDADES NO CALCULO DE GASTOS DE PERSOAL PLURIANUAIS.

Para cálculos de contratos cuia duración comprenda dous ou mais anos naturais (gastos de persoal plurianuais), a calculadora ten establecido un incremento do 3% sobre o salario mínimo interprofesional vixente no ano no que se formaliza o contrato, así como sobre as bases mínimas e tope mínimo .

## RETENCIÓN DE CRÉDITO / BRUTO TOTAL

Como resultado dos cálculos da simulación aparecer:

Opción 1: contratos con duración dentro do exercicio económico anual.

### Resume Contrato

Retribución Bruta	S.S. Empresa	Días Indemnización	Indemnización
26.800,10 €	8.602,80 €	6.66	587,08
<b>Custo Total Contrato</b>			<b>35.989,98 €</b>
<b>Retribución bruta mensual + prorrateo pagas extras</b>			<b>2.680,01 €</b>
<b>Importe Retención de Crédito 2.010</b>			<b>35.989,98 €</b>
<b>Data do cálculo</b>			<b>09/02/2010</b>

Opción 2: contratos con duración dentro de exercicios plurianuais.

### Resume Contrato

Retribución Bruta	S.S. Empresa	Días Indemnización	Indemnización
53.606,16 €	17.207,64 €	24.02	1.176,00
<b>Custo Total Contrato</b>			<b>71.989,80 €</b>
<b>Retribución bruta mensual + prorrateo pagas extras</b>			<b>1.489,06 €</b>
<b>Importe Retención de Crédito 2.010</b>			<b>23.604,60 €</b>
<b>Importe Retención de Crédito 2.011</b>			<b>23.604,60 €</b>
<b>Importe Retención de Crédito 2.012</b>			<b>24.780,60 €</b>
<b>Data do cálculo</b>			<b>09/02/2010</b>

Se desexa presentar unha proposta de contratación deberá achegar a simulación dos cálculos co impreso de proposta de contratación e a correspondente Retención de Crédito (RC) xunto coa documentación necesario (ver as normas de contratación no apartado de “emprego/persoal contratado con cargo a proxectos de investigación” na web do Servizo de PDI).

O importe da correspondente retención de crédito coincidirá co resultado do resumo do contrato “Importe Retención de Crédito 2010” para a anualidade e se se trata de contratos con cargo a varias anualidades faranse tantos RC’s como anualidades.

- LEMBRE: presente a solicitude coa suficiente antelación para tramitar a contratación. A documentación completa para a tramitación do contrato deberá estar no Servizo de P.D.I. cunha antelación mínima de 10 días hábiles á data de proposta do inicio de contrato, en caso contrario o prazo será modificado seguindo este criterio.